

Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 15 de abril de 2016

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
AllegueAguete, Pilar
Aneiros Pereira, Jaime
Barreiro Carril, M^a Cruz
Fernández Acevedo, Rafael
Torres Pérez, Francisco

Arias Martínez, María Antonia
Bravo Bosh, María José
Costas Comesaña, Julio
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Ferrero Martínez, María Dolores
Ibáñez Paz, Regina
Mariño de Andrés, Ángel Manuel
Muleiro Parada, Luis Miguel
Rodríguez Damián, Amparo
Ruiz Hidalgo, Carmen

Estévez Abeleira, Teresa
Jiménez Alemán, Aday
Montesinos Padilla, Carmen

Diéguez Rodríguez, Xosé Miguel
Fernández García, Heitor
Guerreo Gesteira, Isabel
López Troncoso, Tamara
Rivera González, Paula
Vázquez Fernández, Roberto

Castro Abreu, José Carlos de
García Freiría, Mónica

López Prieto, Nieves
Ramil Vázquez, Paula

Excusan asistencia:

Rodríguez Rodríguez, Emma
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
Pillado González, Esther
Martín Hens, Helena

O 15 de abril 2016, ás 13:30 horas en segunda convocatoria, deu comezo a reunión ordinaria da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día orden:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se proede, das novas versións dos procedementos para o ámbito docente e o/ou de xestión: AC-1-04 P1 (índice 02): Acceso e Admisión// AC-02-01 P1 (índice 02): Matrícula//AC-04-01 P1 (índice 02): Expedición de títulos oficiais-; e DO-0101 P1 (índice05): Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais.
4. Aprobación, se procede, do Anexo 1 do Manual de calidade (listaxe de procedementos en vigor) e o mapa de procesos.
5. Aprobación, se procede, da adaptación da normativa do dobre Grao Ade-Dereito á nova normativa de PCEO aprobada en Consello de Goberno.
6. Aprobación, se procede, das variacións dos ratios na Política e obxectivos de calidade.
7. Adopción, se procede, de acordo de adhesión da Xunta de Facultade á candidatura de D. Manuel Olivencia para o Premio Princesa de Asturias das Ciencias Sociais 2016.

8. Aprobación, se procede, do nomeamento de Membro Honorífico do claustro de profesores de Dereito.
9. Aprobación, se procede, de nomeamento de Padriño Externo de Relacións Laborais e Recursos Humanos.
10. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

En relación coa acta da sesión anterior (3 de marzo de 2016) a Decana explica que en relación co punto 5 (Aprobación, se procede, da PDA das titulacións do Centro para o curso académico 2016/17), o criterio proposto polo Decanato (e aprobado pola Xunta de Facultade na devandita sesión) para asignar as materias ós Departamentos foi facelo segundo a memoria dos Planos de Estudos das titulacións, que sinalan, implicitamente, Departamentos e Áreas. Sen embargo, o Decanato cometeu un erro no momento de trasladar este criterio á aplicación informática que xerou os documentos que se enviaron os membros da Xunta. O erro afecta á materia "Recursos Humanos I" (da titulación de Relacións Laborais e Recursos Humanos do Plano novo) que foi atribuída ó Departamento *Análise e intervención psicosocioeducativa*, cando según o criterio referido, corresponde ó Departamento *Organización de empresas e márketing*. O erro foi subsanado polo Decanato.

A Decana cede a palabra a esta Secretaría que explica que o devandito erro persistiu na elaboración da acta da sesión do 3 de marzo de 2016 que se enviou ós membros da Xunta, polo que propón a súa subsanación, no senso de que no Anexo IV ó acta da sesión do 3 de marzo de 2016 na casilla correspondente á materia "Recursos Humanos I" figure o Departamento 09 (*Departamento Organización de empresas e márketing*) en substitución do 01 (*Análise e intervención psicosocioeducativa*).

Apróbase por asentimento a Acta de 3 de marzo de 2016 coa subsanación referida.

2. Informes da Sra. Decana.

A Decana informa dos seguintes puntos:

- A visita da ACSUG a efectos da acreditación dos títulos de RR.LL e do Máster en Avogacía terá lugar os días 26 e 27 de abril. A Decana pide a colaboración de profesorado, alumnado e PAS, e chama a atención sobre a relevancia desta cuestión.
- Fixáronse as datas dos actos de acordo coas únicas datas posibles segundo as necesidades da Facultade de Económicas e outros factores: 9 de xuño (RR.LL) e 10 de xuño (Dereito).
- O Decanato enviou un mail ás áreas xurídicas para que envíen peticións de libros (lista priorizada) de ata 1.000 euros. Os libros deben ser de consulta para docencias especiais e investigación, en vistas á elaboración dos TFGs e TFM, dado que manuais xa se compraran a principios de curso. Esta é a razón pola que só se pide ás xurídicas.
- Vaise celebrar un seminario sobre o programa Docentia, que será impartido por un técnico da Área de Calidade.

- Así mesmo, a Decana dá conta do estado das reparacións dos estóres,

3. Aprobación, se proede, das novas versións dos procedementos para o ámbito docente e o/ou de xestión: AC-1-04 P1 (índice 02): Acceso e Admisión// AC-02-01 P1 (índice 02): Matrícula//AC-04-01 P1 (índice 02): Expedición de títulos oficiais-; e DO-0101 P1 (índice05): Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais.

Apróbanse, por asentimento, as novas versións dos procedementos, tal e como figuran no anexo I (Acceso e Admisión), II (Matrícula), III (Expedición de títulos) e IV (Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais).

4. Aprobación, se procede, do Anexo 1 do Manual de calidade (listaxe de procedementos en vigor) e o mapa de procesos.

Apróbanse, por asentimento, o Anexo referido, tal e como figura no Anexo V a este acta, así como o Mapa de Procesos tal e como figura no Anexo VI a este acta.

5. Aprobación, se procede, da adaptación da normativa do dobre Grao Ade-Dereito á nova normativa de PCEO aprobada en Consello de Goberno.

A Decana explica que a normativa do dobre Grao Ade-Dereito debe adaptarse á normativa da Universidade de Vigo, recentemente aprobada nun Consello de Goberno, e que resolve algunhas cuestións, como é a da representación de alumnos do dobre Grado. Ademais, a normativa introduce unha norma para regular a cuestión da coordinación do Dobre Grao. Os Decanatos das Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Ciencias Económicas e Empresariais acordaran no primeiro momento de posta en marcha do Dobre Grao, designar o profesor Falagán, como coordinador do Grao, pero non elaboraran un criterio a seguir para substituílo cando/se fose necesario. O criterio de renovación acordado que recolle a normativa que se trae para a súa aprobación, é que a coordinación se renove cada tres anos e que recaia alternativamente nun profesor de ADE e nun profesor de Dereito.

Apróbase, por asentimento, a normativa tal e como figura no Anexo VII.

6. Aprobación, se procede, das variacións dos ratios na Política e obxectivos de calidade.

Apróbanse, por asentimento, os referidos ratios tal e como figura no Anexo VIII.

7. Adopción, se procede, de acordo de adhesión da Xunta de Facultade á candidatura de D. Manuel Olivencia para o Premio Princesa de Asturias das Ciencias Sociais 2016.

A Decana explica que este punto tráese para a súa aprobación a petición da área de Dereito Mercantil, polo que cede a palabra ó prof. Julio Costas quen explica que enviouse o curriculum do prof. Olivencia ós membros da Xunta (figura como Anexo IX a este acta). Tras unha breve

referencia a traxectoria académica que xustifica a devandita proposta por parte do profesor Julio Costas, quen en particular destaca a vinculación do prof. Olivencia coa área de Dereito mercantil desta Universidade, que xa xustificara o seu nomeamento como membro honorífico da Facultade de Dereito de Ourense, a Xunta de Facultade, acordou o que segue:

“La Junta de Facultad de la Facultad de Ciencias Xurídicas e do Traballo de la Universidad de Vigo acordó, por unanimidad, en su reunión ordinaria del día 15 de abril de 2016 adherirse a la Propuesta de Candidatura al Premio Princesa Sofía de las Ciencias Sociales 2016 de D. Manuel Olivencia Ruiz, presentada por D. Aurelio Menéndez Menéndez.

Sin necesidad de abundar sobre el extenso y excelso currículum académico y profesional del Profesor Olivencia, que muestra a las claras su enorme talla intelectual, esta Junta de Facultad desea destacar en este momento que el prof. Olivencia es uno de los primeros discípulos del maestro Joaquim Garrigues, que sentó las bases del moderno Derecho Mercantil español. El prof. Olivencia tuvo la oportunidad de compartir ese magisterio, entre otros, con el prof. Fernández Nóvoa que, desde su cátedra de Derecho Mercantil en la Universidad de Santiago, contribuyó a la formación de la denominada Escuela Gallega de Derecho Mercantil, de la que forman parte la mayoría de los profesores del Área de Derecho Mercantil de la Universidad de Vigo y de las dos restantes Universidades de Galicia. Gracias a esa íntima relación personal y académica de los profs. Olivencia y Fernández-Novoa, quienes ahora son profesores contratados, titulares y catedráticos de la las Universidades Gallegas, miembros de esa Escuela Gallega de Derecho Mercantil, pero también los alumnos de las respectivas Facultades de Derecho, se han beneficiado y, por tanto, son deudores del magisterio impartido por el profesor Olivencia, pues a lo largo de su vida académica ha tenido la ocasión de participar en numerosas Jornadas, Seminarios, Tesis doctorales y Tribunales de Oposición celebrados en Galicia en los que, antes como alumnos y ahora como profesores de Derecho Mercantil, han podido o tenido que participar.

Todo ello son razones más que suficientes para que esta Junta de Facultad se adhiera de manera entusiasta a la propuesta presentada y que espera que tenga el resultado perseguido”.

8. Aprobación, se procede, do nomeamento de Membro Honorífico do claustro de profesores de Dereito.

A Decana explica que conforme o sistema que vimos seguindo (que tódalas áreas teñan membro honorífico), este ano a proposta corresponde a área de Filosofía do Dereito. Ademais, a Decana explica que se fará coincidir o acto académico cunha pequena homenaxe á profesora Pilar Allegue Agute, con motivo da súa xubilación. A área de Filosofía do Dereito propón ó profesor Manuel Atienza Rodríguez, quen mantén unha estreita relación persoal, académica e de orientación no desenvolvemento da docencia con esta Facultade.

A Decana cede a palabra a profesora Pilar Allegue, quen en primeiro lugar agradece as palabras da Decana así, como a estima que lle dedica e pasa a explicar as razóns que xustifican a proposta do prof. Atienza para ser nomeado Membro Honorífico do Claustro de profesores de Dereito. A profesora Pilar Allegue explica, entre outras cousas, que ó prof. Atienza se debe a actualización da Filosofía do Dereito, e destaca as propostas do profesor conducentes a centrar o Dereito no elemento humano, así como a de que a aplicación da norma se fundamente nun criterio que sexa algo máis que unha técnica.

Apróbase, por unanimidade, o nomeamento do prof. Dr. Manuel Atienza Rodríguez como Membro Honorífico do Claustro de Profesores de Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

9. Aprobación, se procede, de nomeamento de Padriño Externo de Relacións Laborais e Recursos Humanos.

A Decana explica que este punto non pode ser tratado neste momento, pois aínda non houbo ocasión de tratalo, polo que será levado para a súa aprobación, nunha próxima Xunta de Facultade.

10. Rolda de intervencións.

O alumno Miguel Diéguez pregunta cando se vai a por en funcionamento o sistema de adxudicación de taquillas e pide que cando se convoque a próxima Xunta se faga de maneira tal que os alumnos poidan consultar a documentación (relativa a horarios) cunha fin de semana por medio.

A Decana explica que se procurará enviar con todo o tempo posible, e di que hai moi pouca marxe de manobra no deseño dos horarios, e que, con posterioridade á aprobación do PDO, terá lugar unha reunión de horarios por se hai dificultades. Respecto ó tema das taquillas, o vicedecano Jaime Aneiros Pereira explica que xa están en condicións de ser utilizadas. A Decana explica que se colgará na páxina web da Facultade o formulario de solicitude.

Finaliza a reunión ás 14:30, do que como Secretaria dou fe.